

# XX NOITE POÉTICA A PIPA 2011 CON MARÍA LADO E LUCÍA ALDAO

Casa da Cultura de Becerreá,  
28 de decembro 2011 ás 21 h.



## XX CERTAME LITERARIO A PIPA 2011 DA ALTA MONTAÑA LUGUESA

Organización e presentación dos actos:  
Amparo Becerra, Marta de Sinllán, Alicia Chao,  
Rafa Ramos, Xavier Fernández, Afonso Becerra.



Afonso Becerra  
de Becerreá

Dramaticulas

### PRESENTACIÓN DO LIBRO **DRAMATÍCULAS** DE AFONSO BECERRA DE BECERREÁ (EDITORIAL LAIOVENTO)

Casa da Cultura de Becerreá,  
27 de decembro 2011 ás 21 h.

Xunto ao autor interveñen a escritora **MARÍA DO CEBREIRO**  
e a xornalista **MARTA DE SINLLÁN**.  
**ACCIÓN TEATRAL** de **MARÍA ROJA** cunha **DRAMATÍCULA**.

## María Lado

para o océano  
ti eras só un neno de fanequeiras vermellas que a area enterraba,  
un brazo fortemente prendido da miña saia morada

teño medo dos bichos, mami, dos bichiños do mar  
e con forza de xigante collíaste da tea.

só así deixabas que o mar che lambese, sen avanzar, as pernas,  
cravados ti e eu fronte a liña pola que a tarde escapaba.  
mollándose o rodo da saia coas puntas do mar

ti  
... acordaste diso? eras só un neno

ao abrigo do monte de mallou  
os dous éramos pequeniños, coma as caramuxas, no areal deitado  
un dedo de brisa percorrendo as nosas costas  
peiteando as herbas de namorar no lombo da praia

e esas outras prantas, mami, esas que son rabiños de coello  
son, sí. son.  
e cando se moven así é porque os coellos están contentos  
están

lémbralo? eu escribira fronte ao mar

estás aquí neste poema, ves?  
e mamá tamén  
e o mar  
e os bichiños do mar?  
tamén, e os rabiños de coello

todos aquí dentro deste poema, nesta botella, aquí metidos  
construíndo un recordo deste día

bótala ao mar, meu amor?

pero calabas, agarrado á saia que a brisa preñaba.  
e a onde iremos?  
a onde o mar nos leve  
e habemos de volver  
non sabemos  
e ti estarás comigo?  
ata o último verso.

dende a ribeira vímola marchar. ti e máis eu, do outro lado do poema,

acórdache?

(poema perdido nunha botella)

## Lucía Aldao

Eu facíache poemas no medio do vendaval.  
Tiña todos os furacáns e o pulso en contra miña  
e aínda había quen xuraba que o escrito, escrito queda.  
Vin como marchabas ti  
e vin á dor expropiarme de todas as palabras.  
—Por despeiteada.  
Iso pasoume por despeiteada.  
Por delegar no aire  
e non amarrar con cordas os versos do antebrazo.  
Por concederlle ó vento tanto poder,  
que xa lle chegaba co que tiña.

**MOITA POESÍA E POUCA DIVERSIÓN.** Como é un espectáculo de poesía, o título non é outra cousa máis ca unha metáfora. Quen saiba ver detrás a letra do grupo punk Eskorbuto, esa que reza “mucha policía poca diversión/un error, un error!”, pode xa facerse unha idea clara da actitude coa que nacen os recitais de Lucía Aldao e María Lado.

**MOITA POESÍA E POUCA DIVERSIÓN** pretende chamar a atención daqueles que miran a poesía de reollo. Para iso sérvense de tal provocación, que só encerra unha verdade: para elas a lectura de poesía non pode ser algo que adormeza o espectador. Partindo deste presuposto Aldao e Lado presentan un recital de poesía ameno, dotado de ritmo e comunicación aberta co espectador, no que este adquire ademais un papel activo. Durante o recital hai música en directo, xogos, historias que rodean os poemas, momentos de reflexión... pero sobre hai comunicación poética pura e verdadeira.

## DRAMATÍCULAS

de Afonso Becerra de Becerreá.

A medio camiño entre un libro de contos e un de poemas sitúanse estas partículas. Algunhas dramáticas, outras posdramáticas. Nas primeiras encétanse fíos narrativos que se desenvolven pendurados da acción verbal, nas segundas ábrense fendas nas que a acción foxe do relato para ser son, movemento e xesto puros.

Como na vida, hai escenas de amor e desamor. Hainas de personaxes que se buscan. Hainas de voces que non chegan a ser personaxes porque non dan construído a súa identidade. Hai escenas de sexo. Hainas de pensamento. Pero en todas, os personaxes, de habelos, han ser a actriz ou o actor que os actúe e os diga, han ser as lectoras e os lectores que queiran xogar con estas dramatículas. Porque, ao fin e ao cabo, o que aquí se propón é un xogo coas voces que ha chamar polo corpo.




Foto: Alberte Bello